

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso sobre a xestión de instalacións deportivas: situación e retos

GRUPO: Servizo EIP EGAP

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	40
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES OU XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2017
MOD.IMPARTICIÓN:	MIXTO	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 17/12/2016 - 08:00h ao 12/01/2017 - 23:00h

RESPONSABLE: PORTELA SILVA, MARIA LUCIA [34885893E]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Un dos alicerces fundamentais sobre os que se sustenta a práctica deportiva son as instalacións onde deportistas e practicantes realizan a actividade física ou o deporte escollido. Consecuencia da evolución deportiva experimentada nas últimas décadas, este tipo de infraestruturas experimentou un destacable cambio que vai desde os aspectos infraestruturais ata os propios da xestión. Por este motivo, cada vez son máis e máis complexos, os aspectos que se deben ter en conta á hora de dirixir e administrar este tipo de instalacións.

É por iso que mediante este curso se pretende achegar os seus destinatarios ás principais cuestións referentes ao proceso de xestión das instalacións deportivas, facendo especial fincapé nos aspectos económicos e lexislativos desde un punto de vista eminentemente práctico.

DESTINATARIOS

- Persoal de institucións, asociacións e instalacións deportivas, tanto públicas como privadas, con responsabilidade na xestións de instalacións deportivas.
- Persoal de empresas e asociacións organizadoras de eventos e actividades de animación usuarias de instalacións deportivas.
- Estudantes de posgrao e grao que desexen unha formación especializada en materia de economía e dereito deportivo.
- Deportistas (en activo ou non) que teñan como obxectivo o seu desempeño profesional no sector.
- Persoas en xeral interesadas na materia.

PROGRAMA

Neste curso trataranse os seguintes temas:

1. Marco legal.
 - a. Marco legal das administracións públicas.
 - b. Normativa de aplicación: deportes, espectáculos públicos e outra normativa sectorial.
 - c. Condicionamentos legais da organización.
 - d. Responsabilidades legais.
2. Modelos de negocio e planificación.
 - a. Contexto económico.
 - b. Modelos de negocio.
 - c. Sector privado: tendencias e perspectivas.
 - d. Sector público: contratación.
 - e. Colaboración público-privada.
3. Xestión económica e financeira.
 - a. Orzamentos e estimacións.

- b. Cálculo de custos.
- c. Control orzamentario e seguimento económico.
- d. Tesourería.
- 4. Cuestións transversais.
 - a. Construción e seguridade.
 - b. Recursos humanos.
 - c. Novas tecnoloxías.
 - d. Comunicación e marketing.
- 5. Xestión de instalacións deportivas específicas.
 - a. Piscinas.
 - b. Césped artificial.
 - c. Iluminación LED.
- 6. Xestión alternativa de instalacións deportivas.
 - a. Eventos culturais.
 - b. Eventos musicais.
- 7. Visita a instalación deportiva.
 - a. Presentación.
 - b. Visita e explicación.
 - c. Rolda de intervencións.
- 8. Traballo autónomo do/a alumno/a.
 - a. Planificación de xestión de instalación deportiva.
 - b. Plan de mellora aplicado.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os participantes serán seleccionados por unha comisión técnica independente designada para este efecto cuxa composición será publicada no portal web da EGAP. A comisión seleccionará os candidatos con discrecionalidade técnica e independencia con respecto aos órganos directivos da EGAP.

Valoraranse os seguintes méritos:

- Experiencia profesional relacionada coa actividade deportiva.
- Cursos, xornadas... que teñan relación coa planificación, preparación e desenvolvemento de actividades deportivas, cunha duración igual ou superior a 8 horas.
- Coñecemento de idiomas galego e/ou comunitario, debidamente acreditados.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 26/01/2017 a 16/03/2017

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Reserva: EGAP17/015

AULA 11: O día 26 de xaneiro de 16:00 a 20:00. Os días 02, 09, 16 e 23 de febreiro de 16:00 a 20:00. Os días 02, 09 e 16 de marzo de 16:00 a 20:00.

Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Rúa Madrid 2-4. 15707 - Santiago de Compostela - A Coruña